



Cultura Clásica.

Carga horaria: 3h. Departamento: Latín.

Na cultura clásica están os alicerces da cultura occidental. Maniféstase en todo o que nos une como europeos. O Imperio Romano espallou por Europa o modo de vivir, os costumes, os coñecementos técnicos dos romanos, xa enriquecidos co mellor da cultura grega (filosofía, matemática, literatura, arte, política, medicina...). E fíxoo usando como vehículo a lingua da que nacerán parte das linguas europeas actuais, entre elas a nosa.

Somos herdeiros de Roma e de Grecia e esa herdanza é a que queremos pescudar nesta materia. Aprenderemos cousas dos deuses gregos para recoñecelos nos nosos museos, nas estatuas das nosas prazas e fontes, na literatura e no cine; veremos os edificios e construcións dos romanos para atopar a súa pegada en construcións posteriores (por exemplo, ver a herdanza dos anfiteatros nas prazas de touros ou nos estadios de fútbol); coñeceremos como eran as casas e as cidades dos romanos e como distribuían o seu tempo; seguiremos o Ulises polo Mediterráneo ata alcanzar Ítaca e comprobaremos que este heroe, xunto con outros moitos personaxes da literatura grega e latina (Teseo, Xasón, Aquiles, Hércules), está moi presente no noso acervo cultural...

Non hai libro de texto. Parte do material proporcionarao a profesora e empregaranse libros da biblioteca, películas e páxinas de Internet para procurar información e facer uns apuntamentos propios.

Na avaliación da materia, os traballos en grupo contarán un 25%, os traballos e exposicións individuais outro 25%, os diversos exercicios realizados en clase e a participación activa no desenvolvemento desta 20% e os exames para acreditar a adquisición de contidos un 30%.